



Proceso de selección de candidatos para mobilidades do programa KA103 dentro do programa Erasmus+

Ábrese o prazo para solicitar prazas de mobilidade para todas aquelas persoas que, atopándose matriculadas no segundo curso dun ciclo superior no período académico 2021-2022, desexen realizar a FCT, ou que titulen dentro deste mesmo curso para quen desexe realizar a mobilidade como novo/a titulado/a. Aquelas persoas que teñan interese en acceder a elas poderán presentar instancia na secretaría do centro no prazo que vai dende **o día 14 de febreiro ata as 14 horas do vindeiro día 18 de febreiro.**

Aquelas persoas que queiran participar no proceso de selección deberán cubrir a instancia- que poderán solicitar na secretaría do centro- e achegar a documentación que estimen pertinente para que lles sexan valorados os méritos segundo os criterios de selección fixados para este proceso que se mencionan a continuación.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, publicarase unha listaxe das persoas solicitantes -tanto admitidas como excluídas de ser o caso-. Contra esta listaxe provisoria poderase reclamar no prazo de dous días hábiles. No caso de haber reclamacións resolveranse e publicarase a continuación a listaxe definitiva.

Criterios de selección

A selección das persoas solicitantes farase con arranxo aos seguintes criterios, non sendo ningún deles excluínte:

- Expediente académico. (máximo 4 puntos)

Valoración: nota media no 1º curso do ciclo formativo

- o Se a nota media é de 6 ou menos: 2 puntos
- o Se a nota media é de máis de 6 e menos de 8: 3 puntos
- o Se a nota media é de 8 ou máis: 4 puntos

- Competencias lingüísticas. (idioma de traballo ou do país de acollida, máximo 4 puntos)

Valoración:

o Certificados oficiais dalgún idioma que se poida empregar nas mobilidades:

- A2= 0,5 puntos
- B1= 1 punto
- B2= 2 puntos
- C1= 3 puntos
- C2= 4 puntos



- Competencias persoais e actitudes. (máximo 4 puntos)

Valoración:

Dentro deste apartado as persoas pertencentes ao equipo docente do ciclo valorarán aspectos como madureza, motivación, capacidade de traballo, traballo en equipo, autonomía e responsabilidade do alumno/a, ponderando a valoración dos distintos aspectos de 0 a 100%.

Mala (valoración ponderada inferior a 50%)= 0 puntos

Boa (valoración ponderada entre 50% e 70%)= 2 puntos

Excelente (valoración ponderada entre 71% e 100%)= 4 puntos

No caso de empate nos méritos darase prioridade, pola seguinte orde:

- o Estudantes de contornas socioeconómicas menos favorecidas
- o Estudantes que nunca participaran nas mobilidades Erasmus+

Cláusula de exclusión: por causas sobrevindas que impidan o adecuado aproveitamento da mobilidade.

Ao remate do proceso publicarase unha listaxe das persoas presentadas coa valoración obtida polas mesmas tendo en conta os criterios anteriormente reflectidos. No caso de que presenten a súa solicitude un número de persoas superior ao de prazas das que dispón o centro resultarán adxudicatarias das mesmas aquelas persoas que estean dentro do número de postos ofrecidos, quedando o resto de persoas candidatas ordenadas como suplentes por se fallase algunha das adxudicacións iniciais.

No caso de que se presenten persoas de diferentes familias profesionais adxudicaranse as prazas respectando un reparto equitativo entre especialidades.

En Vilalba, a 11 de febreiro de 2022

O director

Asdo.: Víctor Alfredo Peinó Díaz

